

CONCURSO DE TRASLADOS INFORMACIÓN

Hoxe publícanse no DOG as Resolucións coa **relación de admitidos/as e excluídos/as** e
mais a

oferta de destinos do ciclo de adxudicación
do concurso de traslados aberto e permanente.

- [RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica a relación provisional de admitidos/as e excluídos/ as e a oferta de destinos no ciclo de adxudicación correspondente ao ano 2018 do concurso de traslados aberto e permanente para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario licenciado sanitario de atención primaria](#) :

- [RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica a relación provisional de admitidos/as e excluídos/ as e a oferta de destinos no ciclo de adxudicación correspondente ao ano 2018 do concurso de traslados aberto e permanente para provisión de prazas básicas de persoal estatutario sanitario de formación profesional](#) :

- [RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola](#)

que se publica a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as e a oferta de destinos no ciclo de adxudicación correspondente ao ano 2018 do concurso de traslados aberto e permanente para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario diplomado sanitario

- RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica a relación provisional de admitidos/as e excluídos/ as e a oferta de destinos no ciclo de adxudicación correspondente ao ano 2018 do concurso de traslados aberto e permanente para provisión de prazas básicas de persoal estatutario de xestión e servizos

Relación de admitidos/as e excluídos/as:

- As persoas excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia para poder corrixir, se é o caso, o defecto que motivou a exclusión (do 27 de marzo ao 11 de abril de 2018).

- A solicitude dirixirase á unidade de validación a que se dirixiu a solicitude de participación no concurso.

Relación de prazas ofertadas:

- Nos anexos I e II das resolucións figura a relación de prazas ofertadas por categoría e os centros en que poden existir resultas, respectivamente.

- Os/as profesionais que figuren na relación de participantes deste ciclo disporán dun prazo

de quince días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia para poder modificar a través de Fides/expedient- e, no seu formulario de participación, a selección de destinos efectuada , se así o desexan (do 27 de marzo ao 10 de abril de 2018)

.

- Entenderase como modificar:
 - Engadir novos destinos
 - Eliminar destinos
 - Modificar a orde dos destinos
-
- As modificacións deberán presentarse por rexistro electrónico e non requirirán a entrega de ningunha documentación.
-
- Aquelas solicitudes de participación que, logo dos quince días, non conteñan a selección de, polo menos, un destino quedarán excluídas automaticamente do ciclo de adxudicación en curso.